

INFORME DE INTERVENCIÓN

CÁLCULO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, LÍMITE DE DÉBEDA E TEITO DE GASTO NON FINANCIERO NO ORZAMENTO INICIAL DE 2024

Expte.: 2023/T004/00001

Función de control interno: control financeiro permanente; informe do proxecto de orzamentos e emisión de informes en materia económico-financeira e orzamentaria

1. NORMATIVA APLICABLE

A normativa en virtude da cal se emite este informe é a que segue:

- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades locais (RCI): art. 29.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional: art. 4.1.b) 5º.
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais: artigo 16.

A normativa aplicable á materia que é obxecto de informe é a que segue:

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información, na súa versión 01d de data 22/02/2013

- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición. IXAE (12/03/2013).
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE. 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.

2. ANTECEDENTES

Remíteselle a esta Intervención o proxecto de Orzamento de 2024 para a emisión do informe relativo ao cumprimento das magnitudes previstas na LOEOSF.

3. INFORME

Coa irrupción da pandemia da COVID en marzo de 2020, o 6 de outubro dese ano, o Consello de Ministros acordou a suspensión das regras fiscais, seguindo as recomendacións da Comisión Europea, que aplicou a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento. Con esta suspensión pretendíase dotarlles ás Administracións Públicas de recursos suficientes para facer fronte ás consecuencias da pandemia. A suspensión prorrogouse ata o 2023, reactivándose neste ano 2024.

3.1 Obxectivo de estabilidade orzamentaria

Co fin de concretar os obxectivos da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento, o 12/12/2023 o Consello de Ministros aprobou os obxectivos de estabilidade e o teito de gasto para as Administracións Públicas para o período 2024-26. O Congreso dos Deputados aprobou os ditos obxectivos, pero o Senado rexeitounos en dúas ocasións, polo que o procedemento non chegou a culminar. O 06/03/2024, o Ministerio de Facenda comunicou mediante unha nota de prensa que os obxectivos de déficit vixentes en 2024 serían os incluídos no Programa de Estabilidade, avalados pola Comisión Europea, sendo para a estabilidade orzamentaria:

Administración Pública	2024	2025	2026
Administración Central	-3,0	-2,8	-2,8
Comunidades Autónomas	0,0	0,1	0,1
Entidades Locais	0,2	0,1	0,1
Seguridade Social	-0,2	-0,1	0,0
Total Admininstrações Públicas	-3,0	-2,7	-2,5

Hai que ter en conta que o obxectivo do 0,2 por cento é para todo o subsector das entidades locais e non debe interpretarse como un obxectivo individual para cada entidade local.

Ante esta situación considerarei que o concello cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria en situación de equilibrio ou superávit. No caso contrario, incorrerá nun incumprimento.

O detalle do cálculo é o seguinte:

1º) Cálculo do saldo de operacións non financeiras: 217.448,40 €

Este cálculo ten en conta os ingresos e gastos dos capítulos do 1 ao 7.

CAP	DESCRICIÓN	PI 2024
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2,927,826.12
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	180,146.51
3	TAXAS, PREZOS Pº E OUTROS INGRESOS	1,303,812.92
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4,204,407.24
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0.00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS	0.00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	643,160.25
	INGRESOS NON FINANCEIROS	9,259,353.04

CAP	DESCRICIÓN	CI 2024
1	GASTOS DE PERSOAL	3,174,923.35
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	4,690,610.73
3	GASTOS FINANCEIROS	75,135.00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	297,218.01
6	INVESTIMENTOS REAIS	804,017.55
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0.00
	GASTOS NON FINANCEIROS	9,041,904.64

SALDO DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	217,448.40
--	-------------------

2º) Cálculo dos axustes SEC10 para homoxeneizar o saldo de operacións non financeiras á contabilidade nacional: 893.341,72 €

Os axustes calcúlanse como previsións, xa que os datos definitivos proceden da liquidación do orzamento. Só indicarei os axustes que se apliquen neste cálculo, omitindo para os que estime a contía de cero. Hai outros como a variación do saldo da conta (4131X) que non calcularei porque o seu valor nos últimos exercicios é moi variable.

IDENT.	CONCEPTO	AXUSTE
GR000	AXUSTE POR RECADACIÓN INGRESOS CAP 1	-156,886.40
GR000b	AXUSTE POR RECADACIÓN INGRESOS CAP 2	-27,021.98
GR000c	AXUSTE POR RECADACIÓN INGRESOS CAP 3	-168,374.85
GR001	AXUSTE POLA LIQUIDACIÓN PIE 2020	194,955.63
GR015	AXUSTE POLO GRAO DE EXECUCIÓN DO GASTO (88,38%)	1,050,669.32
	TOTAL	893,341.72

Os axustes pola recadación dos capítulos 1 a 3 detállanse no anexo 1. O axuste polo grao de execución detállase no anexo 2.

3º) Cálculo da capacidade/necesidade de financiamento: 1.110.790,12 €

SALDO DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	217,448.40
AXUSTES	893,341.72
CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (CF/NF)	1,110,790.12
%CF/INF (ingresos non financeiros)	12.00%
CUMPRE/NON CUMPRE	CUMPRE

O resultado é positivo, polo que a estimacións realizadas arrojan unha situación de superávit orzamentario en termos de contabilidade nacional ou capacidade de financiamento.

Conclusión: o Orzamento de 2024 respecta o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

3.2 Regra de gasto

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporacións locais cúmprese a regra do gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Como consecuencia da falta de aprobación da concreción dos obxectivos das regras fiscais, existe incertidumbre dos criterios que se deben utilizar para avaliar o cumprimento da regra de gasto. Existe un certo acordo en adoptar unha posición de prudencia e, ante a falta de aprobación dos obxectivos polo legislativo do Estado, ter en conta o Documento de Traballo da Comisión Europea do 24/05/2023, que publica a Recomendación do Consello relativa ao Programa Nacional de Reformas de 2023 de España, que dispón:

Tendo en conta as consideracións de sostibilidade da política fiscal e a necesidade de reducir o déficit por debaixo do valor de referencia do 3% do PIB, sería axeitado mellorar o saldo estrutural en, polo menos, o 0,7% do PIB en 2024. Para garantir esta mellora, o crecemento do gasto primario neto financiado a nivel nacional 26 en 2024 non debería superar o 2,6%, como se reflicte na recomendación.

Polo tanto, considerarei como taxa de referencia o 2,6 por cento.

A continuación, detallarei o cálculo do cumprimento ou non da regra de gasto. Dado que a liquidación do Orzamento de 2023 non está aprobada, hai que considerar que os datos que se indiquen teñen carácter provisional.

1º) Determinación do gasto computable sen xuros da débeda: 8.978.769,64 €

DESCRICIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
(=) A) EMPREGOS NON FINANCEIROS (CAP 1 A 7)	9,387,402.42	9,041,904.64
(-) XUROS DA DÉBEDA	40,532.68	63,135.00
(=) B) EMPREGOS NON FINANCEIROS SEN XUROS	9,346,869.74	8,978,769.64

2º) Cálculo dos axuste SEC 10: -1.043.333,03 €

O único axuste considerado nesta fase de aprobación do Orzamento, é o grao de execución. Como xa indiquei anteriormente, o cálculo da porcentaxe de execución está detallada no anexo 2 e estimouse nun 88,38 por cento. En consecuencia, a porcentaxe de *non execución* prevese nun 11,62 por cento.

O axuste é, neste caso, negativo porque supón unha menor estimación de obrigas recoñecidas sobre os créditos iniciais dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do orzamento.

DESCRICIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
(±) GRAO DE EXECUCIÓN DO GASTO		-1,043,333.03

3º) Gastos financiados con fondos finalistas: -1.779.007,71 €

Outro dos axustes que se aplican para calcular o gasto computable é o relativo aos créditos financiados con subvencións ou fondos finalistas recibidos doutras Administracións Públicas. Estes gastos minóranse para calcular o gasto computable da entidade.

O importe correspondete ao exercicio 2023 está detallado no anexo 3. Hai que ter en conta que, dado que a liquidación do Orzamento de 2023 non está aprobada, este importe ten carácter provisional. O valor que toma no ano 2024 é o resultado de sumar as previsións iniciais das subvencións finalistas dos capítulos 4 e 7 do estado de ingresos. Exclúense, polo tanto, as relativas á PIE, transferencia polo mantemento do censo electoral e o Fondo de Cooperación Local (conceptos orzamentarios 42000, 42009 e 45000).

DESCRICIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
(-) GASOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS UE/AAPP	-2,339,359.80	-1,779,007.71

4º) Cálculo das variacións permanentes de recadación: 0,00 €

Ante a falta de datos definitivos, considéroa cero, xa que non estimo que teñan unha importancia significativa.

DESCRICIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
VARIACIÓN S PERMANENTE S NA RECADACIÓN	0.00	0.00

5º) Gasto computable axustado previsto para 2024: 6.156.428,90 €

DESCRICIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
(=) A) EMPREGOS NON FINANCEIROS (CAP 1 A 7)	9,387,402.42	9,041,904.64
(-) XUROS DA DÉBEDA	40,532.68	63,135.00
(=) B) EMPREGOS NON FINANCEIROS SEN XUROS	9,346,869.74	8,978,769.64
(±) GRAO DE EXECUCIÓN DO GASTO		-1,043,333.03
(-) GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS UE/AAPP	-2,339,359.80	-1,779,007.71
(=) D) GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO	7,007,509.94	6,156,428.90

DESCRIPCIÓN	ESTIMACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2023	ORZAMENTO 2024
VARIACIÓNS PERMANENTES NA RECADACIÓN	0.00	0.00
(=) E GASTO COMPUTABLE AXUSTADO	7,007,509.94	6,156,428.90
VARIACIÓN DO GASTO COMPUTABLE	-12.15 %	

6º) Cálculo do gasto computable máximo para 2024 e comprobación se o gasto computable previsto para 2024 respecta o dito umbral

DESCRIPCIÓN	EXERCICIO 2023	EXERCICIO 2024
GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO ANTERIOR		7,007,509.94
TAXA DE REFERENCIA DO CRECEMENTO DO PIB		2.60 %
GASTO COMPUTABLE INCREMENTADO		7,189,705.20
VARIACIÓNS PERMANENTES NA RECADACIÓN		0.00
GASTO COMPUTABLE MÁXIMO		7,189,705.20
GASTO COMPUTABLE DO EXERCICIO		6,156,428.90
DÉFICIT (-)/SUPERÁVIT (+) DA REGRA DE GASTO		1,033,276.30
LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO		10,075,180.94

O gasto computable previsto para 2024 (6.156.428,90 €) está por debaixo do máximo calculado (10.075.180,94 €), sendo inferior en 1.033.276,30 €.

Polo tanto, prevese que o Orzamento de 2024 respecte o obxectivo da regra de gasto.

3.3 Límite de gasto non financeiro

O artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esíxelle tamén ás Entidades Locais a mesma obrigaón que a Unión Europea vén esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra do gasto.

Neste sentido establece que as Entidades Locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a regra de, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos. A este respecto, de acordo co exposto no apartado 3.2, seguirei utilizando a taxa de referencia do 2,60 por cento.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para iso. Debería aprobarse, pola Alcaldía, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do orzamento. Tampouco se establece na Orde Ministerial a obrigaón de remisión de información sobre o teito de gasto.

O límite de gasto non financeiro non é obxecto de control a través das obrigas trimestrais de remisión de información ao Ministerio de Facenda e que é moi difícil o seu cumprimento debido á recepción de subvencións non previstas no orzamento inicial. Así, o feito de que o concello se beneficie dunha subvención non prevista nas previsións iniciais do orzamento e cun coeficiente de financiamento de 1 e que non se teña en conta para o cálculo do límite de gasto non financeiro pode supoñer o incumprimento deste límite máximo, xa que supón un maior gasto desta natureza. Sen embargo, non afecta ao cumprimento da regra de gasto, xa que este gasto computable non se terá en conta a través do axuste das obrigas financiadas con subvencións finalistas. Así, este límite deberá entenderse modificado no caso de asunción dun gasto adicional financiado con subvencións finalistas públicas que no estean incluídas nas previsións iniciais do Orzamento de 2024.

O límite de gasto non financeiro que resulta das previsións incluídas no Orzamento de 2024 ascende a 10.075.180,94 €.

DESCRICIÓN	ORZAMENTO 2024
(=) E) GASTO COMPUTABLE AXUSTADO	6,156,428.90
VARIACIÓNS PERMANENTES NA RECADACIÓN	0.00
(+) XUROS DA DÉBEDA	63,135.00
(+) GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS UE/AAPP	1,779,007.71
(±) AXUSTES SEC10	1,043,333.03
(+) MARXE DE INCREMENTO ATA O LÍMITE DA TAXA DE REFERENCIA	1,033,276.30
(=) LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO	10,075,180.94

3.4 Nivel de débeda

O límite de débeda aplicable ás entidades locais é o previsto no TRLFL para a concertación de operacións de crédito.

Para calcular o nivel de endebedamento, hai que ter en conta as modificacións aprobadas para o seu cálculo derivadas do artigo 14.2 RDL 8/2010, do 20 de maio, prorrogado para o 2011 pola DA 14ª RDL 20/2011, do 30 decembro e novamente modificado pola DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado. Esta última modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.”

Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementado no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.

O resumo do comportamento da débeda dentro do exercicio amósase na seguinte táboa, de acordo co indicado no Anexo da débeda:

PRÉSTAMO	ENTIDADE	PRAZO DEVOLUCIÓN	CAPITAL PENDENTE 31/12/2023	AMORTIZACIÓN ORDINARIA	XUROS	TOTAL	CAPITAL PENDENTE 31/12/2024
PAI 2015	Deputación Provincial	2025-34	204,423.20	0.00	0.00	0.00	204,423.20
PAI 2016	Deputación Provincial	2026-35	222,852.95	0.00	0.00	0.00	222,852.95
POS 2017	Deputación Provincial	2025-34	184,769.03	0.00	0.00	0.00	184,769.03
POS 2018	Deputación Provincial	2026-35	42,394.18	0.00	0.00	0.00	42,394.18
POS 2019	Deputación Provincial	2025-34	93,170.00	0.00	0.00	0.00	93,170.00
POS 2020	Deputación Provincial	2026-35	194,310.43	0.00	0.00	0.00	194,310.43
POS 2021	Deputación Provincial	2025-34	56,574.89	0.00	0.00	0.00	56,574.89
POS 2023	Deputación Provincial	2025-34	5,200.31	0.00	0.00	0.00	5,200.31
SUBTOTAL OUTROS PRÉSTAMOS			1,003,694.99	0.00	0.00	0.00	1,003,694.99
534588 PAZO DE RIANXIÑO	Banco Sabadell	2021-29	933,279.61	177,767.60	40,000.00	217,767.60	755,512.01
489825 IDAE	Banco Sabadell	2021-25	62,241.22	39,680.80	3,800.00	43,480.80	22,560.42
68910-8 PAZO DE MARTELO	Abanca	2026-43	1,090,639.26	0.00	19,335.00	19,335.00	1,090,639.26
SUBTOTAL PRÉSTAMOS ENTIDADES FINANCEIRAS			2,086,160.09	217,448.40	63,135.00	280,583.40	1,868,711.69
TOTAL			3,089,855.08	217,448.40	63,135.00	280,583.40	2,872,406.68

Calcularei o nivel de débeda cos ingresos correntes liquidados da última liquidación orzamentaria aprobada (2022):

CV a 31/12/2024	2,872,406.68
DRN correntes axustados 2022	8,423,092.78
% CV 31/12/2024	34.10%

CV: capital vivo

DRN: dereitos recoñecidos netos

O nivel de endebedamento incrementase co novo endebedamento, pero por debaixo do límite do artigo 53 TRLF do 75 por cento, polo que o obxectivo de débeda cumprírase a 31/12/2024.

4. CONCLUSIÓNS

Das proxeccións realizadas a partir das previsións contidas no Orzamento de 2024, podó concluír que:

- Estímase o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendéndoo como, polo menos, unha situación de equilibrio orzamentario en termos de contabilidade nacional.
- Estímase o cumprimento do obxectivo da regra de gasto, tendo en conta o 2,60 por cento como valor da taxa de referencia aplicable.
- Estímase o cumprimento do nivel de débeda financeira, ao estimarse en 34,10 por cento dos ingresos correntes liquidados e situarse por debaixo do 75 por cento.
- As conclusións anteriores teñen o carácter de previsións e o seu cumprimento está suxeito ao cumprimento das previsións orzamentarias.
- O límite de gasto non financeiro determínase en 10.075.180,94 €.

Rianxo, asinado dixitalmente

A interventora, Patricia Fernández Pérez

ANEXO 1
PREVISIÓNS INICIAIS DE INGRESOS E ESTIMACIÓN DA RECADACIÓN DOS CAPÍTULOS 1 A 3

SUBCONCEPTO	CAP	DESCRICIÓN	PI 2024 (ESTIMACIÓN DRN)	ESTIMACIÓN RECADACIÓN LÍQUIDA 2024
11200	1	IBI RUSTICA	377,590.00	358,710.50
11300	1	IBI URBANO	1,699,621.10	1,648,632.47
11300	1	IBI URBANO (liquidacións extraordinarias)	100,000.00	97,000.00
11400	1	IBI ICE	9,983.67	9,983.67
11500	1	IVTM	608,003.40	547,203.06
11500	1	IVTM (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	4,651.00	0.00
11600	1	IIVTNU	30,500.00	15,000.00
11600	1	IIVTNU (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	785.00	0.00
13000	1	IAE	69,900.08	68,250.44
13000	1	IAE (liquidacións extraordinarias)	26,791.87	26,159.58
TOTAL			2,927,826.12	2,770,939.72

SUBCONCEPTO	CAP	DESCRICIÓN	PI 2024 (ESTIMACIÓN DRN)	ESTIMACIÓN RECADACIÓN LÍQUIDA 2024
29000	2	ICIO	135,146.51	114,874.53
29000	2	ICIO (liquidacións extraordinarias)	45,000.00	38,250.00
TOTAL			180,146.51	153,124.53

SUBCONCEPTO	CAP	DESCRICIÓN	PI 2024 (ESTIMACIÓN DRN)	ESTIMACIÓN RECADACIÓN LÍQUIDA 2024
30005	3	ABASTECIMIENTO-ALTAS	7,200.00	7,200.00
30005	3	ABASTECIMIENTO-ALTAS (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	3,009.00	0.00
30101	3	SANEAMENTO-ALTAS	4,400.00	4,400.00
30101	3	SANEAMENTO-ALTAS (aplicación extraordinaria de exercicios anteriores)	3,635.00	0.00
30200	3	TAXA LIXO	531,852.99	476,417.69
30900	3	TAXA PRAZA DE ABASTOS	2,850.00	2,850.00
31300	3	TAXA SERVIZOS DEPORTIVOS	6,000.00	6,000.00
31300	3	TAXA SERVIZOS DEPORTIVOS (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	190.00	0.00
32100	3	TAXA LICENZAS URBANÍSTICAS	24,871.48	24,871.48
32200	3	TAXA LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN		
32300	3	TAXA OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS	5,000.00	4,750.00

SUBCONCEPTO	CAP	DESCRIPCIÓN	PI 2024 (ESTIMACIÓN DRN)	ESTIMACIÓN RECADACIÓN LÍQUIDA 2024
32300	3	TAXA OUTROS SERVICIOS URBANÍSTICOS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	7,058.00	0.00
32500	3	TAXA EXPEDICIÓN DOCUMENTOS-ADMINISTRATIVOS	6,000.00	6,000.00
32500	3	TAXA EXPEDICIÓN DOCUMENTOS-ADMINISTRATIVOS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	1,039.00	0.00
32600	3	TAXA RETIRADA VEHÍCULOS	400.00	400.00
32600	3	TAXA RETIRADA VEHÍCULOS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	1,180.00	0.00
32900	3	TAXA POR OUTRAS ACTIVIDADES (TAXIS)	18,000.00	18,000.00
33100	3	TAXA ENTRADA DE VEHÍCULOS	22,898.12	21,753.21
33100	3	TAXA ENTRADA DE VEHÍCULOS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	85.00	0.00
33200	3	TAXAS UTILIZ PRIV OU APROVEITAMENTO ESPECIAL EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTROS	109,300.42	102,300.42
33200	3	TAXAS UTILIZ PRIV OU APROVEITAMENTO ESPECIAL EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTROS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	16,600.00	0.00
33500	3	TAXAS OCUPACIÓN VIA Pª TERRAZAS	23,528.39	11,873.04
33800	3	COMPENSACIÓN TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.	24,035.36	24,035.36
33901	3	TAXA OVP PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	3,000.00	3,000.00
33902	3	TAXA OVP VENDA AMBULANTE	86,910.00	66,051.60
33902	3	TAXA OVP VENDA AMBULANTE (aplicación extraordinarias de recadación de ejercicios anteriores)	19,433.00	0.00
33903	3	TAXA OVP MERCADERÍAS	7,628.89	3,350.00
33903	3	TAXA OVP MERCADERÍAS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	795.00	0.00
34100	3	PREZO Pº SERVICIOS SOCIAIS	125,761.97	125,761.97
34300	3	PREZO Pº SERVICIOS DEPORTIVOS	13,000.00	13,000.00
34700	3	PREZO Pº XUVENTUDE E OUTROS	21,000.00	21,000.00
34700	3	PREZO Pº XUVENTUDE E OUTROS (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicios anteriores)	1,070.00	0.00
34900	3	OUTROS PREZOS Pº		
36000	3	VENDAS	30,700.00	30,700.00
36000	3	VENDAS. INGRESOS EXTRAORDINARIOS	30,842.00	30,842.00
38900	3	REINTEGROS DE GASTOS DE EJERCICIOS ANTERIORES	2,360.00	2,360.00
39120	3	MULTAS ORDENANZA CIRCULACIÓN	85,771.30	85,771.30
39120	3	MULTAS ORDENANZA CIRCULACIÓN (aplicación extraordinaria de recadación de ejercicio anteriores)	9,484.00	0.00

SUBCONCEPTO	CAP	DESCRICIÓN	PI 2024 (ESTIMACIÓN DRN)	ESTIMACIÓN RECADACIÓN LÍQUIDA 2024
39190	3	OUTRAS MULTAS	3,000.00	1,500.00
39210	3	RECARGO EXECUTIVO	12,000.00	12,000.00
39210	3	RECARGO EXECUTIVO (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	1,398.00	0.00
39211	3	RECARGO APREMIO	10,000.00	10,000.00
39300	3	XUROS DEMORA	2,000.00	2,000.00
39300	3	XUROS DEMORA (aplicación extraordinaria de recadación de exercicios anteriores)	526.00	0.00
39900	3	OUTROS INGRESOS DIVERSOS	3,000.00	3,000.00
39902	3	INGRESOS POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL	15,000.00	14,250.00
TOTAL			1,303,812.92	1,135,438.07

ANEXO 2

CÁLCULO DO GRAO DE EXECUCIÓN DOS CRÉDITOS INICIAIS DO PERÍODO 2020-22

Os exercicios considerados son os 3 últimos dos que se dispón a liquidación do orzamento aprobada: 2020-22.

Para calcular o grao de execución debe terse en conta a determinación do que a IXAE denomina como *valores atípicos*:

“Nas Corporacións Locais a execución orzamentaria final sole presentar desviacións respectos dos créditos iniciais do orzamento. Por este motivo, para o cálculo do gasto computable nos orzamentos iniciais realizarase un “axuste polo grao de execución do gasto”, que reducirá ou aumentará os empregos non financeiros.

Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles gastos nos que polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E i naqueles casos cuxa execución vaia a superar o importe dos créditos iniciais.

O axuste polo grao de execución do ano n será o resultado de aplicar a porcentaxe estimada do grao de execución do dito orzamento ao importe dos créditos por operacións non financeiras (capítulos 1 a 7) do orzamento de gastos. No caso do capítulo 3 gastos financeiros, unicamente incluíranse os créditos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os créditos por execución de avais.

A porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento do ano n terá como límite, superior ou inferior, a media aritmética das porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do orzamento de gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados os valores atípicos.”

A delimitación do concepto de valores atípicos supón unha gran influencia no cálculo e o resultado grao de execución e, polo tanto, nunha estimación de cumprimento ou non da regra de gasto. A IXAE matizou este concepto a unha consulta formulada polo Colexio Oficial dos FHE de Ourense:

“Enténdese por un valor atípico, un valor moi distinto do resto, que fai que a media aritmética non sexa representativa do grupo de valores considerado. Aos efectos deste axuste, consideraranse valores atípicos aqueles gastos cuxa inclusión desvirtúa a media aritmética que opera como límite da porcentaxe estimada do grao de execución do orzamento.

Entre outros consideraranse valores atípicos, sempre que cumpran co disposto no parágrafo anterior:

- a) Os gastos de natureza extraordinaria derivados de situacións de emerxencia, acontecementos catastróficos, indemnizacións aboadas en virtude de sentenzas xudiciais e similares.
- b) Os gastos financiados con subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, dado que estes gastos non se inclúen no cálculo do gasto computable para a determinación da regra de gasto.
- c) Os gastos financiados con dereitos procedentes do alleamento de terreos e investimentos reais coñecidos no mesmo exercicio, dado que no cálculo do gasto computable considérase o investimento neto.
- d) Os gastos financiados a través do mecanismo extraordinario de pagamento a provedores.

Con todo, na 3ª edición da Guía publicada pola IXAE para o cálculo da regra de gasto nas Entidades Locais modifícase o criterio de cálculo deste axuste por execución, que antes viña determinado pola media aritmética das porcentaxes de execución dos tres anos anteriores. O novo criterio publicado pola IXAE é o seguinte:

“Este axuste reducirá os empregos non financeiros naqueles créditos que, polas súas características ou pola súa natureza se consideren de imposible execución no exercicio orzamentario. E incrementaraos naqueles créditos cuxa execución vaia superar o importe dos previstos inicialmente.

Este axuste estimarase por cada entidade local en función da experiencia acumulada de anos anteriores sobre as diferenzas entre as previsións orzamentarias e a execución real”.

A continuación amósase o cálculo do grao de execución dos exercicios 2022 a 2022, así como a eliminación do cálculo dos valores atípicos.

A estes efectos, consideráronse valores atípicos:

- a) Indemnizacións, costas ou xuros de demora dun importe relevante e superior á media deste tipo de continxencias: non se detectaron.
- b) Gastos con financiamento afectado, deducíndoos tanto dos créditos iniciais polo importe da subvención prevista inicialmente no orzamento, como das obrigas recoñecidas.
- c) Recoñecementos extraxudiciais.

1º) Ano 2020: grao de execución do 84,25 por cento.

ANO 2020	CI	ORN	
	7,179,712.63	8,064,681.34	
DEDUCCIÓN VALRORES ATÍPICOS	625,412.60	2,542,957.14	
IMPORTES AXUSTADOS	6,554,300.03	5,521,724.20	84.25 %

VALORES ATÍPICOS	625,412.60	2,542,957.14
REC 08/2020		217,961.71
REC 09/2020		179,838.23
REC 11/2020		157,689.40
REC 12/2020		17,033.34
REC 13/2020		8,264.71
Ogfa	625,412.60	1,962,169.75

2º) Ano 2021: grao de execución do 89,21 por cento.

ANO 2021	CI	ORN	
	8,651,871.22	9,027,767.77	
DEDUCCIÓN VALRORES ATÍPICOS	1,311,280.19	2,479,593.50	
IMPORTES AXUSTADOS	7,340,591.03	6,548,174.27	89.21 %

VALORES ATÍPICOS	1,311,280.19	2,479,593.50
REC 04/2021		535,904.57
REC 06/2021		37,985.86

VALORES ATÍPICOS	1,311,280.19	2,479,593.50
REC 07/2021		56,014.90
Ogfa	1,311,280.19	1,849,688.17

3º) Ano 2022: grao de execución do 91,67 por cento

ANO 2022	CI	ORN	
	7,179,712.63	8,064,681.34	
DEDUCCIÓN VALRORES ATÍPICOS	651,155.17	2,079,645.39	
IMPORTES AXUSTADOS	6,528,557.46	5,985,035.95	91.67 %

VALORES ATÍPICOS	651,155.17	2,079,645.39
REC 09/2022		50,947.59
REC 10/2022		50,642.44
REC 13/2022		3,495.00
REC 15/2022		12,390.61
Ogfa	651,155.17	1,962,169.75

4º) Media dos graos de execución dos créditos iniciais: 88,38 por cento.

ANEXO 3

DETALLE DO AXUSTE APLICADO NO CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE DE 2023: GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS FINALISTAS DAS AA.PP.

COD PXG	DESCRIPCIÓN PXG	AA.PP.	OGFA
2019/2/10/1	POS 2019. PAVIMENTACIÓN DA PISTA A MEIQUIZ E RIAL 1ª FASE	DP	40,484.79
2019/2/11/1	POS 2019. MANTEMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CCD	DP	93,170.00
2019/2/15/1	POS AD 1/2019. DOTACIÓ'N DE REDE DE SANEAMENTO	DP	204,235.26
2019/2/9/1	POS 2019. MELLORA E MANTEMENTO DO FIRME NA RÚA DO BURATO A FACHÁN	DP	35,641.11
2020/2/3/1	POS AD 2/2019. MELLORA DA ENVOLVENTE DO PAVILLÓN BREA SEGADE	DP	61,103.79
2021/2/6/1	POS 2021. REDE DE ABASTECIMENTO ...	DP	99,751.55
2021/2/7/1	POS AD 2/2021. DOTACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO...	DP	30,736.92
2022/3/17/1	PERSOAL TÉCNICO DA CASA MUSEO DE MANUEL ANTONIO	DP	237.13
2022/3/4/1	SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	DP	3,615.97

COD PXG	DESCRICIÓN PXG	AA.PP.	OGFA
2022/3/6/1	ANIMADORA CULTURAL	DP	240.08
2022/3/7/1	TÉCNICO DEPORTIVO	DP	367.33
2023/3/17/1	NOITES DE JAZZ	DP	15,868.15
2023/3/18/1	REDE CULTURAL	DP	23,783.47
2023/3/2/1	SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	DP	79,542.00
2023/3/22/1	PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO	DP	17,157.45
2023/3/27/1	LIMPEZA DE PRAIAS	DP	17,980.57
2023/3/29/1	VILADOMAR 2023 (MURAIŠ)	DP	13,042.50
2023/3/3/1	ANIMADORA CULTURAL	DP	9,789.74
2023/3/32/1	POS SOCIAL 2023 (SALVO SAF)	DP	12,519.06
2023/3/34/1	POS AD 2/2023. GASTO CORRENTE	DP	436,812.11
2023/3/4/1	TÉCNICO DEPORTIVO	DP	14,714.52
2023/3/8/1	PEL	DP	38,400.15
2023/3/9/1	POS 2023. GASTO CORRENTE	DP	40,829.46
		DP Suma	1,290,023.11
2019/3/42/1	ACTUACIÓNS INCLUÍDAS DENTRO DO PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO	E	5,405.68
2022/2/16/1	REHABILITACIÓN DO PAZO DE MARTELO	E	22,883.30
2023/3/24/1	GASTO POLAS ELECCIÓNŠ MUNICIPAIŠ	E	186.50
2023/3/30/1	ACTUACIÓNS INCLUÍDAS DENTRO DO PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2022-23	E	3,734.74
2023/3/30/1	ACTUACIÓNS INCLUÍDAS DENTRO DO PACTO DE VIOLENCIA DE XÉNERO 2023-24	E	4,759.26
		E Suma	36,969.48
2023/3/26/1	CONVENIO PARA REFORZO DA POLICIÁ LOCAL DE BOIRO	EELL	3,940.32
2023/3/31/1	CONVENIO PARA REFORZO DA POLICIÁ LOCAL DE NOIA	EELL	1,472.60
2023/3/35/1	CONVENIO PARA REFORZO DA POLICIÁ LOCAL DE POBRA	EELL	1,145.17
2023/3/36/1	CONVENIO PARA XESTIÓŠ DE FACTURAS CO CONCELLO DA POBRA	EELL	1,512.43
		EELL Suma	8,070.52
2021/3/6/1	AEDL 2021-22	XG	281.26
2022/2/14/1	RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS	XG	11,567.10
2022/2/15/1	SEPARACIÓŠ DE BIORRESIDUOS EN ORIXE E COMPOSTAXE DOMÉŠTICO	XG	18,199.54
2022/3/19/1	APROL RURAL	XG	4,681.89
2022/3/3/1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA	XG	6,192.83
2022/3/3/1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA	XG	44,003.24
2022/3/31/1	AEDL 2022-23	XG	13,798.84
2022/3/32/1	ORIENTADOR LABORAL	XG	23,250.57
2022/3/34/1	RECOLLIDA SEPARADA DE BIORRESIDUOS	XG	7,891.47
2022/3/35/1	SEPARACIÓŠ DE BIORRESIDUOS EN ORIXE E COMPOSTAXE DOMÉŠTICO	XG	4,679.99
2022/3/37/1	OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO (ALUMNOS)	XG	183,267.54
2022/3/38/1	OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO (EQUIPO DIRECTIVO)	XG	96,169.47
2022/3/39/1	OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO PAZO DE RIANXIÑO	XG	25,619.46

COD PXG	DESCRICIÓN PXG	AA.PP.	OGFA
	(ALUMNOS)		
2023/2/12/1	MOBILIARIO E EQUIPO DE SON PARA O SALÓN DE PLENOS	XG	11,643.44
2023/2/3/1	INVESTIMENTOS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (LIÑA NON COMPETITIVA)	XG	6,569.11
2023/2/4/1	NOVIDADES EN GALEGO	XG	1,573.40
2023/2/5/1	MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS	XG	2,585.10
2023/2/9/1	COMPOSTAXE DOMÉSTICO DE BIORRESIDUOS	XG	1,227.70
2023/3/1/1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA	XG	37,553.88
2023/3/1/1	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA	XG	338,226.54
2023/3/10/1	CAMPAMENTO DE VERÁN E PLAN MADRUGA	XG	24,427.45
2023/3/11/1	APROL RURAL	XG	18,300.08
2023/3/12/1	EXTINCIÓN E VIXILANCIA DE INCENDIOS FORESTAIS	XG	17,099.72
2023/3/13/1	PREVENCIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS	XG	19,159.10
2023/3/14/1	AEDL 2023-24	XG	148.21
2023/3/19/1	CULTURA NO CAMIÑO	XG	2,500.00
2023/3/23/1	PLAN CONCERTADO. TRABALLADORAS SOCIAIS	XG	32,974.96
2023/3/33/1	ANÁLISE DA VIABILIDADE DA CREACIÓN DUNHA COMUNIDADE ENERXÉTICA	XG	14,943.50
2023/3/37/1	OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MONTE NOSO (ALUMNOS)	XG	25,402.05
2023/3/37/1	XULGADO DE PAZ	XG	1,807.63
2023/3/38/1	OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO MONTE NOSO (EQUIPO DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO)	XG	8,551.62
		XG Suma	1,004,296.69
		General Suma	2,339,359.80